



A partir do vindeiro venres 6 de novembro o Auditorio Municipal de Gondomar “Lois Tobío” acollerá a [I Mostra de teatro afeccionado do Val Miñor e Oia](#) . Organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos co apoio do Concello de Gondomar, o evento pretende fixar os alicerces dun encontro anual que nesta ocasión congregará a elencos dos concellos de Gondomar e Oia.

**Non hai ladrón que por ben non veña**, será a obra que abrirá a mostra, a cargo do grupo Bertorella da parroquia de Morgadáns. Dirixidos por Luis Carballo, un elenco de dez persoas porá a partir das 21:30 horas en escena esta obra do Nobel de Literatura italiano, Dario Fo.  
[Descargar Programa](#)

Todas as obras que integran a mostra serán postas en escena por primeira vez polas

## Inaugúrase no Auditorio de Gondomar a I Mostra de teatro afeccionado do Val Miñor e Oia.

Escrito por IEM

Martes, 03 Novembro 2015 21:42

---

delegacións teatrais. O programa continuará o domingo 8, con **Os animais do paraíso**, a cargo de Xente daqui e dacolá (Mañufe) a partir das 18 horas.

[Descargar Programa](#)

O grupo O mellor de cada casa (Oia) sairá a escena con **Picnic**, o venres 20 de novembro ás 21:30 horas.

[Descargar](#)

[Programa](#)

. Unha

segunda obra de Xente daqui e dacolá,

**O asasino anda solto**

, presentárase o día domingo 22 ás 18 horas.

[Descargar Programa](#)

A Xesta Vermella (Borreiros) con **Doutor de cabeceira** abrirá a derradeira fin de semana da mostra. Actuación que dará comezo ás 21:30 horas.

[Descargar Programa](#)

. Pechará esta primeira edición a

**obra Polos pelos**

, da agrupación A Moura (Chaín).

[Descargar Programa](#)